



Deputación
DA CORUÑA

Nº 12
13/09/2017

Boletín de Medio Ambiente

Fervenza das Brañas

Concello: Toques

Curiosidades: Nos atopamos nos arredores da Serra do Careón, na parroquia de Santa Mariña das Brañas. Esta serra e parte da súa contorna son Espazo Natural Protexido da Rede Natura 2000 e da Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos. Ademais, entre os seus valores figura a única poboación da endémica *Santolina Melidensis*, un pequeno e modesto arbusto de flores amarelas.

Sendas: Un sendeiro de pequeno percorrido lévanos ata a fervenza, o PR-G 166, cunha lonxitude de apenas 13 km, cunha dificultade baixa para os principiantes que queiran coñecer un pouco máis a natureza que esconde a provincia.



Noticias

A UE loita contra a obsolescencia programada

O Parlamento Europeo aprobou un texto no que defende a necesidade de alongar a vida dos produtos informáticos.

Entre as medidas que o europarlamento propón atópanse: incentivos fiscais para aqueles produtos duradeiros, de calidade e que sexan facilmente reparables; e a posibilidade de que os consumidores leven os seus produtos a un reparador independente e que as pezas de recambio máis indispensables teñan un prezo adecuado á duración e calidade do produto. Pero quizais o máis destacable é a medida de desenvolver un sistema para analizar produtos e detectar a obsolescencia programada.

Fonte: Cadena Ser

Só un terzo das reservas mariñas do Estado ten protección real

España, desde 2009 e para cumprir o obxectivo internacional de blindar o 10% dos océanos en 2020, pasou a protexer o 1% de augas baixo a súa xurisdición ao 8% actual. Con todo, esa prema provocou que das 98 áreas mariñas protexidas, só 33 teñan plans de xestión, a ferramenta habitual para establecer obxectivos de conservación e medidas para cumprilos, así como a regulación das actividades pesqueiras e do turismo.

As autoridades utilizan a figura da Rede Natura 2000 para protexer os seus paraísos mariños. Pero pertencer a esta lista non garante un bo estado de saúde do mar: son necesarios plans de xestión con obxectivos claros de conservación.

Fonte: El País

Restos de plásticos no sal mariño

Os plásticos que contaminan os nosos océanos perseveran no medio e estase a comprobar que partículas minúsculas están a chegar á cadea alimenticia. No ano 2015 atopáronse restos de plástico no sal mariño procedente de China. Por mor desta investigación xurdiron outras en numerosos países con idénticos resultados. En España, dos 21 sales analizados, resultaron contaminados todos por microplásticos. A raíz do problema recae na forma de obtención deste tipo de sal: un proceso de deshidratación de auga de mar. O problema é global, xa que todos os nosos océanos atópanse igualmente contaminados, e a auga flúe libremente entre unse outros.

O plástico máis común atopado nestes produtos é o Tereftalato de Polietileno, comunmente coñecido como PET, e utilizado para fabricar botellas de auga.

Fonte: The Guardian

Que factores crave ten o cambio climático no furacán Harvey ou no Irma?

O furacán Harvey arroxou unha cantidade "sen precedentes" de precipitacións a Houston, Texas. E detrás do Harvey vén Irma, considerado un dos furacáns máis destrutivos xamáis visto.

Os científicos do clima están seguros de que o cambio climático fará os furacáns máis fortes. O furacán Harvey transformouse rapidamente dunha tormenta tropical nun monstro de Categoría 4, xa que absorbía enerxía de augas particularmente cálidas. Os estudos científicos do clima nunca poderán dicir que o cambio climático "causou" un fenómeno meteorolóxico extremo en particular, pero si poden facer é calcular a probabilidade de que o cambio climático faga un evento climático extremo máis forte.

Fonte: Ambientum

A demanda de area pon en perigo aos ríos e lagos

Materiais como formigón, ladrillos e cristal fábrícanse con area, e debido ao aumento de poboación e co boom urbanístico dos últimos anos a demanda de area creceu exponencialmente ata levala a ser o segundo recurso natural máis usado, tras a auga. Segundo un estudo de Nacións Unidas, só no ano 2012 utilizouse tanta area como para crear un muro de formigón de 27 metros de alto e ancho que rodee o Ecuador.

Pero esta incesante demanda está a provocar moitos danos: a extracción de area dos leitos de ríos en comunidades pobres de Kenia está a deixar á poboación sen abastecemento de auga. O lago chinés de Poyang está a secarse perante a mirada de numerosos habitantes que dependen economicamente da pesca no lago, así como numerosas aves migratorias que pasan por aí cada ano.

A demanda é tan alta que en India emerxeu un mercado negro de extracción de area, e en países como Arabia Saudita está a importarse area de Australia para cubrir a súa necesidade urbanística, tras esgotar a subministración de area de Dubai.

Fonte: BBC

Sabías que...

si consumes alimentos locais aforras enerxía?

Os alimentos autóctonos e de tempada requiren menos enerxía tanto no seu cultivo como no seu transporte. Ademais, ao madurar de maneira natural potencian o seu auténtico sabor.

Boas Prácticas

A recollida de aceite usado cuadriplicase nun ano

Na cidade de Coruña, a recollida de aceites domésticos usados multiplicouse case por catro, chegando aos 27.246 quilos, no primeiro ano de funcionamento dos 26 colectores xestionados polo colectivo Mulleres Colleiteiras, de acordo a un convenio co Concello. Os mercados de Elviña, As Conchiñas e San Agustín son os puntos con maiores niveis de recollida dos aceites vexetais e o mes de agosto foi o de maior volume de aceites depositados este exercicio.

Fonte: La Opinión Coruña

Os montes galegos de Froxán e Covelo, distinguidos pola ONU

Os montes de Froxán e de Santiago de Covelo convertéronse nos primeiros de España e terceiros de Europa en entrar no rexistro ICCA, dependente do Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente. Esta distinción internacional reconece a aqueles espazos naturais que sexan xestionados, recuperados ou rehabilitados con eficacia por comunidades locais ou indíxenas.

Xa hai dúas novas solicitudes desde Galicia, que competirán con tres andaluzas e dous castelán manchegas en 2018.

Fonte: La Voz de Galicia

Oleiros levará a pleno unha ordenanza para comprar árbores e evitar a súa talla

O Goberno local pretende regular a compra de árbores de interese paisaxístico e ecolóxico e pagar aos seus propietarios o prezo de mercado. Así, o Concello compra un seguro contra a talla e o veciño particular vende un arboledo e ingresa uns beneficios, sen tallar nada. Os propietarios seguirán sendo titulares dos seus terreos, só determinados exemplares de árbores serán propiedade do Concello. Adquiriranse exemplares de gran porte, de especies autóctonas e que estean en lugares destacados.

Fonte: La Opinión Coruña

Axenda Ambiental

- 16/09/2017 – 22/09/2017 Semana Europea da Mobilidade e A cidade, sen o meu coche!
- 17/09/2017 Proxecto Libera. Axudas de Apadriñamentos.
- 19/09/2017 - 20/09/2017 Basque Ecodesign Meeting– BEM2017, Bilbao.

Deputación da Coruña

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Email: desenvolvemento.territorial@dacoruna.gal